



**2** Galicia recibirá 2,4 millóns de euros de fondos adicionais para proxectos sociais de apoio á familia e infancia en situacións de especial vulnerabilidade

**8** Traballo e Educación suman recursos para mellorar a empregabilidade da mocidade galega a través da formación

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, asinaron en Santiago un convenio para que os centros dependentes de Traballo oferten Formación Profesional e os de Educación formación para o emprego

**12** Informe do paro rexistrado

Galicia rexistra no mes de marzo un descenso de 5.412 persoas desempregadas

Sumario	Política social	2-7	Informe do paro rexistrado	12-13
	Traballo	8-13	Xuventude e voluntariado	14-16
	Accidentes laborais	11	Publicacións e normativa	17-26

Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación: Pepa Dabán Royo
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces
ISSN: 2254-7835	



**14** A campaña de verán ofertará este ano máis de 8.500 prazas e incorporará unha nova programación para os maiores de 14 anos

**17** Publicacións

Catálogo de publicacións na web



CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR



## Galicia recibirá 2,4 millóns de euros de fondos adicionais para proxectos sociais de apoio á familia e infancia en situacións de especial vulnerabilidade

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou en Madrid no Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a autonomía e atención á dependencia
- ▶ Este incremento, que converte a Galicia na quinta comunidade autónoma que máis orzamento recibe, débese a que os novos criterios de repartición inclúen a poboación e a dispersión, tal e como tiña demandado a Xunta o pasado ano
- ▶ Este orzamento destinarase á atención a necesidades básicas de familias que se atopan en situacións de risco de pobreza, á conciliación familiar e laboral, e á intervención e apoio familiar
- ▶ En materia de dependencia, Mato destacou que Galicia foi unha das nove comunidades autónomas que en 2014 incrementou a súa atención neta
- ▶ Mato anunciou que a Xunta incrementará nestes próximos días as horas de axuda no fogar a disposición dos concellos, o que permitirá dar de alta no sistema preto de 2.000 novos beneficiarios, grazas a un esforzo orzamentario adicional de seis millóns máis

**Madrid, 4 de marzo de 2015.-** Galicia recibirá este ano un total de 2,4 millóns de euros adicionais a través do fondo para proxectos sociais de apoio á familia e infancia en situación de especial vulnerabilidade. Esta

cifra supón tres veces máis do que percibiu polo mesmo concepto o ano pasado, o primeiro exercicio no que se estableceu por parte do Ministerio de Sanidade e Servizos Sociais un fondo específico para os fogares con

menores en situación de risco de pobreza.

Tras a reunión do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a autonomía e atención á dependencia, a titular de Benestar, Beatriz Mato, salientou que este incremento se debe, nunha parte, a que os novos criterios de repartición inclúen, ademais dos indicadores de pobreza, a poboación e a dispersión poboacional, entre outros factores, tal e como tiña demandado esta comunidade autónoma. Con estas cifras, Galicia convértese na quinta comunidade autónoma que máis orzamento recibe, e tamén na quinta na que máis se incrementou a contía.

En 2014, o primeiro ano no que as comunidades autónomas contaron con estes fondos, a

Xunta recibiu 725.000 euros, cos que se puxeron en marcha accións para case 1.300 menores e proporcionáronse preto de 700 Axudas de inclusión social (AIS), destinadas especialmente para persoas en situación de especial vulnerabilidade con menores a cargo.

Pola súa banda, os 2,4 millóns consignados para este exercicio dedicáronse fundamentalmente a: atención de necesidades básicas de familias con menores a cargo a través das axudas de inclusión social; proxectos de apoio á conciliación familiar e laboral; e servizos de intervención e apoio familiar.

Tamén no eido da inclusión, durante o Consello territorial, abordouse o novo programa do Fondo de Axuda Europea ás Persoas máis Desfavorecidas (FEAD), que se vai poñer en

marcha en colaboración coas entidades do terceiro sector. Neste punto, as comunidades autónomas participarán co Ministerio na coordinación dos axentes sociais do seu territorio para o que se creará un grupo de traballo que determine os parámetros de repartición deste fondo.

Na xuntanza tamén se propuxo a creación dunha Comisión Interautónoma de Infancia e Familia, que se constituirá como un grupo de traballo permanente co obxectivo de coordinar e harmonizar as políticas de infancia e familia a nivel nacional.

### Seis millóns adicionais para Servizo de axuda no fogar

Outro dos temas que se abordaron na reunión foi a evolución anual dos datos de dependencia, que segundo considerou Mato,

“volven demostrar o gran esforzo que está realizando Galicia para ofrecer unha atención de máxima calidade”.

Así, Galicia foi durante 2014 unha das nove comunidades autónomas que incrementou a súa atención neta. Actualmente, a comunidade conta con preto de 40.000 beneficiarios, dos que case o 80% están atendidos a través dun servizo. Grazas a esta cifra, Galicia é a segunda comunidade autónoma cunha maior porcentaxe de servizos.

“Pero iso non é suficiente, por iso mantemos o esforzo este ano, no que prevemos aumentar en preto de 2.000 as prestacións de servizo de axuda no fogar, para os que se contará con seis millóns adicionais das arcas autonómicas, acadando así un orzamento total de 46,2 para este recurso de proximidade que,

ademais, de moi demandado permitirá con este aumento preto de 700 novas contratacións de persoal sociosanitario”, apuntou.

### Terceiro sector e voluntariado

No Consello Territorial abordáronse outros temas relevantes, como o anteproxecto da Lei do terceiro sector de acción social. Esta norma ten como obxectivo establecer un marco xurídico común para todas as entidades do eido.

O Estado ten admitido catro das alegacións presentadas por Galicia a este texto. Unha delas ten un carácter “especialmente relevante”, salientou Mato, porque ten como obxectivo garantir a salvagarda das competencias autonómicas en materia de servizos sociais.

Por último, a conselleira precisou que o anteproxecto da

Lei de voluntariado estatal “segue en esencia o camiño da Lei de acción voluntaria de Galicia, aprobada por unanimidade en 2011”. Considerou que ambos textos son “coherentes e complementarios entre si, destinados a actualizar e modernizar o marco normativo da acción voluntaria, e fomentar o seu desenvolvemento e crecemento”.

Mato valorou que unha das “grandes vantaxes” da lei autonómica é que recolle a certificación das accións voluntarias, para incorporalas ao currículo e mellorar a empregabilidade. A lei estatal, pola súa banda, deriva esta certificación a un desenvolvemento regulamentario posterior, polo que a Xunta instou ao Goberno central a realizar este desenvolvemento no menor prazo posible, “porque comporta unha gran vantaxe para os voluntarios”.

## Benestar mostra en Madrid os avances no modelo integrado de atención sociosanitaria en Galicia

- ▶ A secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, participa en Madrid no V Congreso Internacional de Dependencia e Calidade de Vida da Fundación Edad&Vida
- ▶ Piñeiro destacou que o Goberno galego está a desenvolver o Plan marco de atención sociosanitaria de Galicia 2013-2016 e o Plan trabe de modernización tecnolóxica dos servizos sociais
- ▶ A responsable da área autonómica resaltou os novos instrumentos de xestión no eido social postos en marcha na Comunidade autónoma

**Madrid, 10 de marzo de 2015.-** A secretaria xeral de Política Social, Coro Piñeiro, expuxo en Madrid, no V Congreso Internacional de Dependencia e Calidade de Vida da Fundación Edad&Vida, os avances no modelo integrado de atención sociosanitaria que se está a aplicar en Galicia.

Piñeiro destacou a importancia dun modelo social que busque en todo momento a asistencia integral das persoas, entendido como un modelo de atención no ámbito sociosanitario que inclúa os eidos dos servizos sociais, sanidade e

educación. A secretaria xeral de Política Social explicou que esta fórmula en Galicia se basea en cada un dos sistemas (sanitario, e social) mantén a súa propia estrutura, pero se compromete a participar nun sistema conxunto, adaptando as súas operacións e recursos aos requisitos e procesos acordados.

Así, a Xunta puxo en marcha o Plan marco de atención sociosanitaria de Galicia 2013-2016, que xurdiu coa finalidade de estudar e analizar a situación de partida para aplicar este modelo

e marcar as liñas estratéxicas de asistencia e atención futuras, identificando as necesidades específicas tanto sanitarias como sociais das persoas.

No marco deste plan, o Goberno galego está a levar a cabo diversas accións como as actuacións necesarias para a creación dunha base de datos poboacional de referencia no ámbito sociosanitario de Galicia, é dicir, a identificación común dos usuarios do sistema. Para isto, está a utilizarse a base de datos poboacional de tarxeta sanitaria do SERGAS e, deste xeito, facilitarase a identificación unívoca do usuario e a rastrexabilidade de todas as actuacións e prestacións que reciben no ámbito dos servizos sociais. Este acordo, incluído no Plan trabe de modernización tecnolóxica dos servizos sociais de Galicia, que establece a estratexia

tecnolóxica do Goberno galego no ámbito dos servizos sociais, así como no Plan marco de coordinación sociosanitaria de Galicia, impulsa definitivamente as dúas actuacións capitais para a modernización dos servizos sociais. O Plan trabe, realizado en colaboración coa Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), esténdese ata 2017 e conta cun orzamento de 20 millóns de euros.

Dunha banda, estase a realizar o desenvolvemento normativo da historia social única (HSU), que consiste nun sistema que consolidará a información completa dos usuarios en canto ás súas intervencións e actuacións co sistema de servizos sociais, e que poderá integrarse no futuro coa historia clínica. Neste asunto, o departamento autonómico está a investir máis de 700.000 euros ata 2015.

## Mato aposta pola “Conciliación, a responsabilidade, e a cooperación” para facer fronte ao problema demográfico

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou na Coruña a primeira das xornadas demográficas provinciais organizadas por este departamento autonómico co fin de establecer sinerxías entre administracións e axentes sociais e económicos
- ▶ Avanzou que se porá en marcha nos próximos meses o Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, que se converterá nun centro de referencia a nivel rexional e pioneiro a nivel estatal
- ▶ Lembrou que a Consellería forma parte da Comisión nacional para a racionalización de horarios españois
- ▶ Apostou polas medidas de conciliación da vida laboral, familiar, e persoal que, segundo os expertos, son as “máis efectivas para lograr o fomento da natalidade”
- ▶ Lugo, Ourense, e Pontevedra tamén acollerán estas xornadas ao longo deste mes.



**A Coruña, 13 de marzo de 2015.-** A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, apostou ante axentes sociais e económicos, pola “conciliación, responsabilidade, cooperación e concertación” co fin de facer fronte ao reto demográfico, un “desafío estrutural” que precisa de medidas máis alá do curto prazo e do esforzo “de todos”.

Así o destacou durante a inauguración na Coruña da primeira das xornadas demográficas provinciais “Conciliación, demografía e empresa” que o departamento autonómico está a organizar co fin de establecer sinerxías entre administracións e axentes sociais e económicos, unha “tarefa esencial” na loita contra a crise demográfica.

Recordou que a situación da evolución da poboación galega é de “alerta vermella”, e que “co ritmo actual, dentro de 35 anos, Galicia podería ter menos habitantes dos que tiña en 1990”.

A este respecto, considerou que “falar do reto demográfico e intercambiar ideas é o primeiro paso para darlle unha solución”, e lembrou que ela mesma xa tivo a oportunidade de expoñer esta problemática en foros como o Senado, o Comité das Rexións en Bruxelas, xornadas internacionais, ante comisionarios europeos, e ante responsables doutras rexións da UE.

Ademais de expoñer a situación, conseguíronse outros logros relevantes como activar a Comisión

de demografía no Parlamento galego; realizar a Enquisa sobre o cambio demográfico; poñer en marcha o primeiro Plan de dinamización demográfica de Galicia, que xa está executado nas súas dúas terceiras partes; ou liderar a creación dun Foro de rexións con desafíos demográficos (FREDD) xunto con Asturias, Castela e León, Castela A-Mancha, Estremadura e Aragón.

Esta xornada céntrase especialmente na “corresponsabilidade e a conciliación”, un aspecto, a xuízo de Mato, “fundamental”. De aí que apostase por que o Goberno galego siga poñendo á disposición das persoas que desexen ser pais e nais “todas as facilidades, apoios socioeconómicos e instrumentos de conciliación necesarios”.

Neste sentido, explicou que os expertos coinciden en que as actuacións en materia de conciliación da vida laboral, familiar e persoal “son as máis efectivas” para lograr o fomento da natalidade. De feito, hai estudos realizados en países do contorno que vinculan directamente o aumento da ratio de cobertura de escolas infantís públicas co incremento do índice sintético de fecundidade.

### Apoio á natalidade

De aí que o Goberno galego teña centrado gran parte dos seus esforzos en iniciativas relacionadas con esta materia. Entre outras, citou o incremento dun 70% das prazas

(3.800 máis en termos absolutos) en escolas infantís nos últimos cinco anos; e o aumento da dedución fiscal ata os 1.200 euros anuais no caso do segundo fillo e ata os 2.400 no caso do terceiro ou sucesivo. Este incremento farase extensivo ás familias galegas que non teñen obriga de presentar a declaración da renda e que tampouco a presenten voluntariamente, xa que percibirán unha contía equivalente á dedución fiscal. Deste xeito, Galicia situarase á cabeza de todas as autonomías en beneficios fiscais en materia de natalidade.

Lembrou tamén a futura posta en marcha nos próximos meses do Observatorio Galego de Dinamización Demográfica, cuxo obxectivo é converterse nun centro de referencia a nivel rexional e pioneiro a nivel estatal.

Tamén se ten incluído, de forma pioneira, un módulo transversal optativo nos cursos de formación para o emprego en materia de sensibilización demográfica. Ademais,

Galicia, a través da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, forma parte da Comisión nacional para a racionalización de horarios españois, que promove medidas para conseguir uns horarios laborais que permitan a conciliación e a calidade de vida dos traballadores e traballadoras.

Ademais, Mato salientou que a Xunta está poñendo en marcha mecanismos para favorecer a conciliación do persoal da Administración autonómica, como a flexibilidade horaria ou o teletraballo, aos que xa se teñen acollido máis de 7.000 empregados públicos.

### Xornadas provinciais

A xornada celebrada na Coruña é a primeira das que se organizaron nas catro provincias. A seguinte tivo lugar na cidade de Lugo, o 19 de marzo. Pola súa banda, Ourense acolleu esta actuación o 26 de marzo, e Pontevedra ao día seguinte, o 27 deste mesmo mes.

<http://www.proyectosymbios.eu/>



## O orzamento de Benestar para entidades de inclusión medra un 40% ata os 5,2 millóns co fin de que reciban unha maior subvención



**Santiago de Compostela, 30 de marzo de 2015.-** A orde de axudas para entidades de iniciativa social incrementará en 2015, por terceiro ano consecutivo, o seu orzamento ata chegar aos 5,2 millóns de euros, o que supón un 40 por cento máis que o ano anterior e un 80% con respecto a 2012.

Así o explicou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, nun encontro coas entidades do sector para presentarles o texto desta convocatoria, que presenta importantes novidades. Durante o encontro, detallou que os 3,7 millóns de euros investidos o ano pasado nesta iniciativa permitiron chegar a 117 entidades de toda Galicia e financiar un total de 371 actividades.

Polo tanto, o investimento deste ano –superior ao do ano pasado– garantirá de novo “que

todos os comedores, albergues e centros de acollida reciban subvención, sempre que conten cunha autorización oficial da Xunta, que soliciten a axuda e que cumpran cos requisitos establecidos” e, para iso, incrementouse en preto dun 35% a contía da orde destinada especificamente a estas instalacións, que pasa de 1,5 millóns en 2014 a 2 millóns no presente ano.

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo un encontro con estas entidades para presentarles o texto desta convocatoria
- ▶ A outra gran novidade é que por primeira vez en 2015 a orde será plurianual e vai subvencionar as actividades ata o 31 de marzo de 2016
- ▶ Mato concluíu que a Consellería fixo da inclusión activa “un pilar principal” sobre o que se asenta a Estratexia de inclusión de Galicia 2014-2020 que se ten convertido na folla de ruta das políticas na materia, que inclúe máis de 300 medidas e conta cun presuposto global de 521 millóns de euros
- ▶ Isto é un incremento orzamentario do 125% con respecto ao plan anterior, un aumento de máis do triplo nas liñas de acción prioritaria, que pasan de 5 a 16 e un crecemento do 250% no número de medidas

A outra gran novidade é que por primeira vez en 2015 a orde será plurianual. Vai subvencionar as actividades ata o 31 de marzo de 2016. Segundo explicou a conselleira, isto responde a unha petición expresa das entidades, que así van dispor dun prazo maior para poder executar e xustificar as súas actuacións, e para afondar no desenvolvemento dos itinerarios de inserción sociolaboral.

Estas novas medidas únense ás xa incorporadas o pasado ano de incluír a posibilidade de que as entidades poidan pedir anticipos da subvención de ata o 25% para o desenvolvemento das súas actividades de inclusión ou de unir tres liñas de axuda nunha soa convocatoria. En concreto, as antigas ordes de albergues e comedores, programas de inclusión das entidades de iniciativa social, e programas para as persoas inmigrantes. Esta unificación

permitiu unha maior axilidade na tramitación dos expedientes.

Beatriz Mato afirmou que o desenvolvemento de itinerarios de inserción sociolaboral é unha das prioridades da orde e amosa o compromiso do departamento coa inclusión activa como “ferramenta esencial para evitar a cronificación das situacións de risco”.

Neste sentido, Mato concluíu que a Consellería fixo da inclusión activa “un pilar principal” sobre o que se asenta a Estratexia de inclusión de Galicia 2014-2020 que se ten convertido na folla de ruta das políticas na materia, que inclúe máis de 300 medidas e conta cun presuposto global de 521 millóns de euros.

Isto supón un incremento orzamentario do 125% con respecto ao plan anterior, un aumento de máis do triplo nas liñas de acción prioritaria, que pasan de 5 a 16 e un crecemento do 250% no número de medidas.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-inclusion>



## O programa terapéutico para menores con problemas de conduta atendeu máis de 460 casos, dos que o 70% remataron positivamente

- ▶ A conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, presentou en Ferrol os resultados deste programa, que se desenvolve en colaboración coa Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar (UIICF) da Universidade da Coruña
- ▶ Trátase dunha iniciativa innovadora a nivel de todo o Estado, posta en marcha en 2012, e na que a Xunta ten investido 120.000 euros ao ano
- ▶ Renovouse esta colaboración e aumentouse o seu orzamento nun 15%, ata os 140.000 euros.

**Ferrol, 9 de marzo de 2015.-** O Programa de avaliación e tratamento terapéutico de menores en situación de desamparo atendeu, desde a súa posta en marcha en 2012, máis de 460 casos nas catro provincias, dos que o 70 por cento remataron cun resultado “óptimo” ou de “mellora suficiente”.

“Isto é, ao redor de 320 dos 467 casos experimentaron unha mellora importante, que afecta positivamente a calidade de vida e desenvolvemento dos nenos, nenas ou adolescentes”, explicou a conselleira de Trabajo e Benestar, Beatriz Mato, durante a presentación en Ferrol dos

resultados desta iniciativa. “Estas cifras demostran o efecto positivo da atención terapéutica, que pode converterse na mellor axuda para superar as situacións de adversidade e amosa a importancia de actuar de xeito temperá”, apuntou.

Este programa desenvólvese desde 2012 en colaboración coa Unidade de Investigación en Intervención e Coidado Familiar (UIICF) da Universidade da Coruña. Ata o momento, o departamento autonómico ten investido 360.000 euros nesta actuación (120.000 ao ano). Ademais, Consellería vén de



renovar este convenio por un importe de 140.000 euros, isto é, un 15 por cento máis.

Os destinatarios desta iniciativa son os nenos, nenas, e adolescentes cun expediente aberto polo Servizo de Protección de Menores que amosan desaxustes emocionais severos derivados de: situacións de desprotección ou maltrato; de separación da súa familia, ou da existencia de dificultades severas ou crónicas da convivencia. Tamén son beneficiarios aqueles menores que están a executar

medidas xudiciais.

Todos os casos son derivados polos equipos técnicos do servizo de protección á infancia da Consellería. Para o desenvolvemento do programa tense creado unha rede autonómica de atención terapéutica, que conta con sete dispositivos de atención especializada en cada unha das grandes cidades. Estes centros contan cun total de 21 terapeutas especialistas en psicoloxía clínica, terapia familiar e psicoterapia infantil e adolescentes.

## A Xunta participa en Ourense no acto institucional do Día Mundial da Síndrome de Down

<http://www.un.org/es/events/downsyndromeday/>



**Ourense, 21 de marzo de 2015.-** O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, participou en Ourense no acto institucional do Día Mundial da Síndrome de Down, no que destacou que un dos obxectivos prioritarios do Goberno galego é a mellora da integración e a calidade de vida das persoas con discapacidade.

Por iso, en 2015 a Xunta de Galicia incrementou por segundo ano consecutivo os orzamentos para a discapacidade, alcanzando unha cifra global de 100 millóns de euros; o que supón un crecemento ao redor do 9 por cento nos dous últimos anos.

Ademais, a Consellería de Trabajo e Benestar está a facer un importante esforzo no aumento

de prazas públicas para este colectivo. Dende o ano 2009 incrementáronse en case 850 este tipo de prazas, un 20 por cento máis que no período anterior.

Actualmente, en Galicia hai 5.000 prazas públicas en centros de día, centros residenciais e centros ocupacionais para persoas con discapacidade. Para o seu mantemento a Administración autonómica destina máis de 50 millóns de euros ao ano.

Outro eixe básico da actuación da Xunta é o papel fundamental que se lle outorga ao emprego vinculado coa discapacidade, por constituír a mellor ferramenta de integración que existe. Neste sentido, destínanse 17,7 millóns de euros ao emprego para as persoas

- ▶ En 2015 o Goberno galego incrementou por segundo ano consecutivo os orzamentos para a discapacidade, alcanzando os 100 millóns de euros
- ▶ Actualmente, en Galicia hai 5.000 prazas públicas en centros de día, centros residenciais e centros ocupacionais para persoas con discapacidade
- ▶ Tamén se fai un importante esforzo para fomentar o emprego para as persoas con discapacidade, por constituír a mellor ferramenta de integración que existe.

con discapacidade, dos cales preto da metade están dedicados aos centros especiais de emprego de toda Galicia e os seus 2.000 traballadores con discapacidade.

### Apoio ás mulleres con discapacidade

Rueda estivo acompañado da secretaria xeral da Igualdade, Susana López Abella, cuxo departamento -dependente da Vicepresidencia- colabora anualmente con Down Galicia, a través da orde de axudas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que apoian a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

Desde 2009 a Secretaría Xeral da Igualdade subvencionou a Down Galicia con máis de

100.000 euros que, entre outras cousas, empregáronse en investimentos en novas tecnoloxías e para programas de información, asesoramento e orientación laboral para mulleres con algún tipo de discapacidade.

Down Galicia é unha entidade sen ánimo de lucro que desde o ano 1998 agrupa as asociacións específicas para a síndrome de Down da Comunidade Autónoma de Galicia. Entre outras moitas funcións, esta asociación encárgase de coordinar programas e servizos, colaborar na elaboración de materiais de sensibilización e información e ofrecer servizos de atención especializada. Teñen delegacións en cada unha das sete grandes cidades galegas.

## Benestar apoia o primeiro curso de seguridade viaria dirixido a educadores de menores con medidas xudiciais

- ▶ A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, inaugurou esta actividade formativa, que se desenvolve en colaboración coa Dirección Xeral de Tráfico (DXT)
- ▶ Esta primeira edición estase a desenvolver, ademais de en Galicia, en Aragón, Canarias, Cantabria e Murcia.

**Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2015.-** A Consellería de Trabajo e Benestar, en colaboración coa Dirección Xeral de Tráfico (DXT), está a organizar en Galicia a primeira edición do curso “Educación para a seguridade viaria para educadores de menores con medidas xudiciais e en situación de exclusión social”.

A directora xeral de Familia e Inclusión, Amparo González, inaugurou esta actividade formativa, que se está a desenvolver, ademais, en Aragón, Canarias, Cantabria e Murcia.

O seu obxectivo é facilitar aos educadores que traballan no ámbito dos menores a información e recursos necesarios para o desenvolvemento e planificación de contidos, programas e proxectos educativos de educación para a seguridade viaria, de cara a súa aplicación no ámbito de menores con medidas xudiciais ou en risco de exclusión social.

A formación dos profesionais é un “obxectivo prioritario” para conseguir unha actividade educativa “máis eficaz”, destacou a responsable autonómica.

Con esta formación, os educadores contarán coas ferramentas necesarias de cara a abordar os traballos cos menores no ámbito da prevención ou sensibilización nesta materia, inculcándolles actitudes, valores, e normas de comportamento social, e xerando nos mesmos conciencia cidadá e

comportamentos encamiñados á creación “do sentido viario, a convivencia, así como pautas adecuadas para a mobilidade segura”.

Ao mesmo tempo, permite abordar por educadores de condutas delitivas que deron lugar á imposición de medidas xudiciais.

<http://www.dgt.es/es/seguridad-vial/convocatoria-1a-edicion-curso-online.shtml>



<http://benestar.xunta.es/web/portal/portada>



## Traballo e Educación suman recursos para mellorar a empregabilidade da mocidade galega a través da formación

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Román Rodríguez, asinaron en Santiago un convenio para que os centros dependentes de Traballo oferten Formación Profesional e os de Educación formación para o emprego
- ▶ Traballo achegará 3,8 millóns de euros, un 19% máis que en 2014, para financiar os cursos nos centros integrados de formación profesional (CIFP) e para as accións formativas para o emprego nos Institutos de educación secundaria (IES)
- ▶ Mato destacou que, en global, Traballo financiará 71 cursos que van beneficiar a máis dun millar de alumnos e alumnas
- ▶ Pola súa banda, o titular de Educación fixo fincapé no importante avance que ten experimentado a FP nos últimos anos coa introdución das modalidades dual e a distancia.

### Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2015.-

Os titulares dos departamentos autonómicos de Traballo e Benestar e de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria veñen de asinar en Santiago un convenio de colaboración que permitirá que os centros dependentes de Traballo oferten Formación Profesional e os de Educación formación para o emprego co obxectivo de unir sinerxias e optimizar o uso dos recursos.

A titular de Traballo, Beatriz Mato, e o titular de Educación, Román Rodríguez, firmaron o acordo co obxectivo de "sacar o máximo proveito" das instalacións públicas de docencia- os centros integrados de formación profesional (CIFP) e institutos de educación secundaria (IES)- e, o que é máis importante, segundo destacaron, "mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas a través da formación".

Así, dunha banda, a Consellería de Traballo e Benestar achegará un total de 3,8 millóns de euros, un 19 por cento máis que en 2014, para financiar un total de 71 cursos que van beneficiar a máis dun millar de alumnos e alumnas tanto nos centros integrados de formación profesional como nos institutos de educación secundaria.

Entre as materias que se impartirán destacan as de sistema de microinformática; instalación e mantemento de sistemas de electromedicina; eficiencia enerxética de

edificios; promoción turística local e información ao visitante; instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes; atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais; pintura de vehículos; cociña; respostería; montaxe e mantemento de sistemas domóticos e inmóticos; montaxe e mantemento de sistemas de automatización industrial ou de infraestruturas de telecomunicacións en edificios; ou programación e desenvolvemento de accións culturais, entre outras.

En concreto, para os CIFP destinará 2,6 millóns de euros para financiar 49 cursos para 735 alumnos. O

orçamento, tal e como sinalou Mato, xa se dobrou en 2014 e neste exercicio o incremento é do 13 por cento. Para os cursos para o emprego que se impartirán nos Institutos de Educación Secundaria, o departamento de Traballo investirá 1,2 millóns de euros para financiar 22 cursos que beneficiarán a 330 alumnos e alumnas. Mato lembrou que este tipo de accións formativas ofertáronse nos IES por primeira vez o ano pasado.

A conselleira resaltou que o obxectivo desta actuación é aumentar a empregabilidade da mocidade galega e, polo tanto, incrementar a produtividade e competitividade do tecido empresarial. Por iso, Mato indicou o esforzo que está a facer o Goberno galego para reforzar as partidas de formación para o emprego ás que en 2015 se destinan máis de 66 millóns de euros, un 4,5 por cento máis que en 2014. Con este orzamento poderán beneficiarse 25.000 alumnos e alumnas.

### Formación certificada

Por último, a titular de Traballo puxo en valor a calidade da formación que se ofertan nos centros públicos, destacando que está orientada

ás necesidades reais do mercado laboral e vinculada á obtención dun certificado de profesionalidade. Neste senso, lembrou que Traballo ten financiado desde 2009 actividades formativas e de recoñecemento da experiencia que permitiron que case 50.000 galegos e galegas obtivesen un certificado de profesionalidade. "É un ano mais a práctica totalidade das actividades formativas están vinculadas á obtención dun destes certificados", rematou Mato.

Durante a súa intervención, o conselleiro de Cultura e Educación salientou a aposta que a Xunta de Galicia está a facer pola empregabilidade da cidadanía a través do impulso da formación. No caso concreto do seu departamento fixo fincapé no importante avance que ten experimentado a FP nos últimos anos coa introdución das modalidades dual e a distancia, así como os procedementos de avaliación e acreditación de competencias adquiridas pola experiencia profesional. Así mesmo, lembrou que Cultura e Educación está a estender a rede de viveiros de empresas en centros educativos como unha oportunidade de acceso ao mundo laboral.



## Traballo promove o potencial das cooperativas como fórmula de autoemprego e competitividade empresarial en Xantar 2015

<http://www.xantar.org/>



### Ourense, 5 de marzo de 2015.-

A Consellería de Traballo e Benestar, a través do Consello Galego de Cooperativas, está a amosar o potencial da fórmula cooperativa en Xantar 2015, o Salón Internacional de Turismo Gastronómico que se celebrou estes días en Expourense. Este evento celebra o Día das Cooperativas Galegas, ao que asistiu a directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, acompañada polo delegado territorial da Xunta en Ourense, Rogelio Martínez.

Bouso destacou que o Consello Galego de Cooperativas está

presente en Xantar 2015 para difundir os valores do cooperativismo como fórmula de autoemprego, equidade e competitividade empresarial. A responsable da área autonómica resaltou que o cooperativismo permite afrontar "con maiores garantías certas dificultades propias de calquera proxecto empresarial", ao tempo que explicou que "é a mellor fórmula que soportou o envite da crise sendo, ademais, un sistema moi atractivo para os emprendedores".

A directora xeral sinalou que os datos demostran o éxito das cooperativas explicando que a

- ▶ A directora xeral de Traballo e Economía Social, Carmen Bouso, acompañada polo delegado territorial da Xunta en Ourense, Rogelio Martínez, asistiu ao acto central do Día das Cooperativas Galegas, que celebra o Salón de Gastronomía
- ▶ Bouso destacou o éxito desta fórmula empresarial que na actualidade agrupa en Galicia máis de 1.200 cooperativas, que suman máis de 90.000 socios
- ▶ Do global, o sector agroalimentario aglutina o 33 por cento das entidades.

Consellería de Traballo e Benestar xa ten rexistradas 1.240 cooperativas, que suman máis de 90.000 socios e socias e xeran máis de 18.000 postos de traballo directos. Indicou, así mesmo, que a boa evolución desta fórmula colleu pulo no sector agroalimentario, no que na actualidade operan máis do 33 por cento das entidades. Precisamente, este sector é o que está representado en Xantar 2015, no stand do Consello Galego de Cooperativas.

"No campo agroalimentario a formación de cooperativas convértese nunha opción moi favorable para os pequenos produtores", apuntou Bouso, explicando, entre outras vantaxes, que a cooperativa é o mecanismo que dá dimensión á produción e a fai competitiva; é a

única vía efectiva de globalización dos pequenos agricultores; permite que as innovacións en técnicas de produción, comunicación e comercialización cheguen aos pequenos produtores; e é unha ferramenta eficaz de achegar financiamento ao sistema produtivo alimentario.

Para rematar, Bouso agradeceu a presenza ás nove cooperativas presentes no stand do Consello Galego de Cooperativas, onde se poden degustar os lácteos das sociedades cooperativas Campo Capela, Condado-Paradanta e Cooperativa Agraria Provincial da Coruña (Granxa O Cancelo); os viños de Bodegas Eidosela, Cooperativa Jesús Nazareno e Bodega Virxe das Viñas-A Rúa; a carne das cooperativas de Monte Cabalar; e os peixes e mariscos de Anaco e O Canto da Balea.

<http://www.cooperativasdegalicia.com/>



## O Plan de formación do ISSGA para este ano inclúe 24 xornadas técnicas e 22 cursos básicos de prevención de riscos laborais

- ▶ O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), adscrito á Consellería de Traballo e Benestar, ten entre os seus principais obxectivos difundir o coñecemento en materia preventiva
- ▶ A finalidade é capacitar o empresariado galego para que poida xestionar unha cultura preventiva nos seus centros de traballo
- ▶ Ao longo de 2014, un total de 2.263 persoas participaron nas actividades formativas organizadas polo ISSGA.

### Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2015.-

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), organismo adscrito á Consellería de Traballo e Benestar, está a poñer en marcha o seu plan de formación para o ano 2015 que inclúe un total de 24 xornadas técnicas e 22 cursos básicos en prevención de riscos laborais.

Por unha banda, os obxectivos das accións básicas son proporcionar o nivel de capacitación necesario para desenvolver as funcións de xestión da prevención e dotar o empresariado da formación e dos coñecementos que os capaciten para xestionala nas súas propias empresas ou centros de traballo.

Unha das funcións máis importantes do ISSGA, recollida no seu Plan anual de actividades, é a

información, asesoramento técnico e formación en materia preventiva. Por este motivo, o ISSGA márcase como un dos seus obxectivos principais, ser unha entidade referente na difusión do coñecemento en materia preventiva, organizando cada ano nos seus catro centros provinciais múltiples accións formativas, para transmitir unha verdadeira cultura preventiva na sociedade.

Os cursos programas son tanto presenciais como en liña. As actividades formativas presenciais impartiran nas distintas disciplinas preventivas e realizaran nos centros provinciais de seguridade e saúde laboral de xeito gratuíto e con carácter xeral, en xornada de mañá.

O número de prazas é limitado, polo que a selección dos asistentes se realizará en función dos distintos criterios como son as necesidades de homoxeneización do grupo, vinculación laboral coa prevención, incorporación ou mellora laboral e orde de inscrición. Para a impartición dos cursos esixese un número mínimo de alumnos.

As solicitudes poderán facerse a través da páxina web do ISSGA ou cubrindo un documento anexo ao tríptico da oferta formativa, que deberá ser achegado ao centro de seguridade e saúde laboral, onde teña lugar a acción formativa.

Por outro lado, no Plan anual de actividades recóllese unha ficha específica coa modalidade formativa das xornadas técnicas na que consta a necesidade de organizar xornadas para actualizar os coñecementos e a formación de persoal técnico en prevención, delegados de prevención, empresariado e profesionais liberais, así como a colaboración con outras entidades e técnicos especializados para a realización de xornadas técnicas e seminarios.

### Xornadas técnicas

Polo tanto, as xornadas teñen como obxectivo recoller os cambios permanentes das actividades e procesos produtivos, así como a introdución de tecnoloxías novas e a difusión da nova normativa, que fan precisa unha actualización continua de coñecementos no eido da prevención de riscos laborais para adecualos ao progreso tecnolóxico, científico e legislativo.

Así, das 24 xornadas técnicas programadas polo Instituto para este ano destacan as relacionadas coas seguintes materias: seguridade no traballo; hixiene industrial; ergonomía e psicocioloxía; medicina do traballo e organización e xestión preventiva. 8 xornadas serán en Pontevedra, 7 na Coruña, 5 en Lugo e 4 en Ourense.

### Formación 2014

Ao longo do ano 2014, un total de 2.263 persoas participaron nas actividades formativas do ISSGA, 1.311 delas nas xornadas técnicas e 949 nas diversas modalidades nas que se imparte o curso básico de prevención de riscos laborais.

<http://issga.xunta.es/portal/contido/formacion/index.html>

## A sinistralidade laboral rexistrou en Galicia no mes de febreiro un total de 1.972 accidentes laborais

- ▶ Precisa que o texto "será presentado de forma inmediata ás organizacións e entidades que traballan neste sector para buscar o maior acordo posible"
- ▶ Enumera as "seis áreas de actuación: convivencia familiar, educación, conciliación, saúde, vivenda e ocio e deporte"
- ▶ Apunta que "a Consellería de Traballo e Benestar lanza este plan a partir de agora e iremos informando do seu resultado e, por suposto, terá que volver ao Consello para a súa aprobación".

### Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2015.-

O total dos accidentes laborais en xornada laboral rexistrados en Galicia en febreiro de 2015 aumentou un 5,51%. Neste mes rexistráronse 1.972 accidentes fronte aos 1.869 accidentes rexistrados no mesmo mes do ano anterior.

Do total dos accidentes, 1.932 foron accidentes leves, 34 graves e 6 mortais.

Por sectores, descendieron os accidentes na pesca nun 4,12%, pero aumentaron nos demais sectores: nos servizos nun 2,66%; na construción nun 5,78%; na agricultura nun 11,39%; e na industria nun 12,07%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, utilízase o índice de

incidencia, que compara o número de accidentes co número de traballadores coas continxencias profesionais cubertas.

O índice de incidencia do total dos accidentes en xornada laboral en Galicia, aumentou un 3,78% en febreiro deste ano respecto ao mesmo mes do ano anterior. Por sectores, os aumentos foron: nos servizos do 0,46%, na construción do 0,95%, na pesca do 2,48%, na industria foi do 11,55% e na agricultura do 13,16%.

### Evolución nos primeiros meses

A sinistralidade laboral aumentou un 2,59% nos dous primeiros meses do ano, cun total de 3.797 accidentes laborais fronte aos 3.701 no mesmo período do ano 2014.

Accidentes totais en xornada laboral no mes de febreiro:

	2014			2015			% Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	54	25	79	62	26	88	14,81	4,00	11,39
Pesca	87	10	97	81	12	93	-6,90	20,00	-4,12
Industria	403	86	489	442	106	548	9,68	23,26	12,07
Construción	222	3	225	234	4	238	5,41	33,33	5,78
Servizos	513	466	979	566	439	1.005	10,33	-5,79	2,66
<b>Totais</b>	<b>1.279</b>	<b>590</b>	<b>1.869</b>	<b>1.385</b>	<b>587</b>	<b>1.972</b>	<b>8,29</b>	<b>-0,51</b>	<b>5,51</b>

Accidentes totais en xornada laboral de xaneiro a febreiro:

	2014			2015			% Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Agricultura	123	51	174	127	46	173	3,25	-9,80	-0,57
Pesca	203	26	229	155	20	175	-23,65	-23,08	-23,58
Industria	751	171	922	821	193	1.014	9,32	12,87	9,98
Construción	419	5	424	436	6	442	4,06	20,00	4,25
Servizos	993	959	1.952	1.085	908	1.993	9,26	-5,32	2,10
<b>Totais</b>	<b>2.489</b>	<b>1.212</b>	<b>3.701</b>	<b>2.624</b>	<b>1.173</b>	<b>3.797</b>	<b>5,42</b>	<b>-3,22</b>	<b>2,59</b>

Accidentes totais por provincias de xaneiro a febreiro:

	2014			2015			% Variación		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	1.164	604	1.768	1.153	548	1.701	-0,95	-9,27	-3,79
Lugo	274	129	403	269	125	394	-1,82	-3,10	-2,23
Ourense	277	131	408	241	118	359	-13,00	-9,92	-12,01
Pontevedra	774	348	1.122	961	382	1.343	24,16	9,77	19,70
<b>Totais</b>	<b>2.489</b>	<b>1.212</b>	<b>3.701</b>	<b>2.624</b>	<b>1.173</b>	<b>3.797</b>	<b>5,42</b>	<b>-3,22</b>	<b>2,59</b>

<http://issga.xunta.es/portal/contido/observatorio/index.html>

## Informe do paro rexistrado

### Galicia rexistra no mes de marzo un descenso de 5.412 persoas desempregadas

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2015.- Galicia pechou o mes de marzo cun descenso de 5.412 persoas desempregadas, o que supón un 2,1 por cento menos que no mes anterior. Deste xeito, o número de inscritos no desemprego sitúase nun total de 252.137 persoas nesta comunidade autónoma.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz, explicou que esta baixada intermensual sitúa a Galicia como a terceira comunidade autónoma na que máis diminuíu o paro rexistrado en termos relativos, e a cuarta en termos absolutos. É, ademais, o maior descenso intermensual en termos absolutos de toda a serie histórica, isto é, desde 1996.

Valorou tamén a evolución interanual, que xa acumula case un ano e medio de descensos consecutivos, o que confirma a "mellora progresiva" do comportamento do paro iniciado a finais de 2013. Así, de marzo de 2014 a este mes de marzo o número de desempregados descendeu en 24.326 persoas, un 8,8 por cento.

Sobre este dato, Díaz López destacou dous aspectos: que é a maior baixada absoluta dos dezasete meses consecutivos nos que se veñen rexistrando interanuais positivas; e que é, ademais, o mellor comportamento interanual dun mes de marzo en toda a serie histórica desde

1996 se se computa en termos absolutos; e desde 2007, computando en termos relativos.

Deste xeito, Galicia sitúase en niveis de paro similares aos que había hai tres anos, o que supón volver a cifras anteriores ás do ano 2012.

En España, o desemprego baixou en 60.214 persoas, un 1,33 por cento, ata situarse nos 4.451.939 parados. En termos interanuais, o paro en España baixou nun 7,17%. Deste xeito, Galicia sitúase por riba da media estatal tanto a nivel mensual como interanual.

Por sectores, a principais diminución destes mes concéntranse no sector servizos (-3.030). Tamén

baixa na construción (-1.241); a industria (-926); e a agricultura e a pesca (-447). Pola contra, rexístrase un lixeiro aumento no colectivo sen emprego anterior, cun incremento de 232 persoas.

Por provincias, o desemprego baixou en todas elas, principalmente en Pontevedra (-3.077). A continuación sitúase A Coruña (-1.472); Lugo (-546); e Ourense (-317).

Na evolución dos contratos, este mes rexistráronse un total de 63.842 contratos, 10.150 máis que no mes anterior. Deste total, 5.879 foron indefinidos (9,21%), e 57.963 temporais (90,79%). No eido dos contratos, tamén se rexistra unha interanual positiva do 25,05%.

A distribución do paro rexistrado por provincias é a seguinte:

	Total	Variación mensual		Variación anual	
		Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
A Coruña	98.928	-1.472	-1,47	-9.205	-8,51
Lugo	24.921	-546	-2,14	-2.937	-10,54
Ourense	27.913	-317	-1,12	-2.303	-7,62
Pontevedra	100.375	-3.077	-2,97	-9.881	-8,96
<b>Galicia</b>	<b>252.137</b>	<b>-5.412</b>	<b>-2,10</b>	<b>-24.326</b>	<b>-8,80</b>
<b>España</b>	<b>4.451.939</b>	<b>-60.214</b>	<b>-1,33</b>	<b>-343.927</b>	<b>-7,17</b>

A distribución do paro rexistrado por sexos e provincias é a seguinte:

	Homes	Mulleres	TOTAL
	A Coruña	46.900	52.028
Lugo	12.173	12.748	24.921
Ourense	13.117	14.796	27.913
Pontevedra	46.095	54.280	100.375
<b>Galicia</b>	<b>118.285</b>	<b>133.852</b>	<b>252.137</b>
<b>España</b>	<b>2.080.784</b>	<b>2.371.155</b>	<b>4.451.939</b>

A distribución do paro rexistrado por idade e provincias é a seguinte:


	Menores de 25 anos	Maiores de 25 anos	TOTAL
	A Coruña	5.105	93.823
Lugo	1.496	23.425	24.921
Ourense	1.650	26.263	27.913
Pontevedra	5.598	94.777	100.375
<b>Galicia</b>	<b>13.849</b>	<b>238.288</b>	<b>252.137</b>
<b>España</b>	<b>390.533</b>	<b>4.061.406</b>	<b>4.451.939</b>

A distribución do paro rexistrado por comunidades autónomas é a seguinte:



	Total	Variación mensual		Variación anual	
		Absoluta	Relativa	Absoluta	Relativa
Andalucía	1.029.100	-10.737	-1,03	-50.354	-4,66
Aragón	102.368	-698	-0,68	-6.494	-5,97
Asturias	96.418	-1.884	-1,92	-7.025	-6,79
Illes Balears	75.091	-5.204	-6,48	-10.627	-12,40
Canarias	256.851	-1.836	-0,71	-20.647	-7,44
Cantabria	47.720	-794	-1,64	-7.553	-13,66
Castilla-La Mancha	240.823	-1.582	-0,65	-19.200	-7,38
Castilla y León	219.917	-3.376	-1,51	-19.685	-8,22
Catalunya	571.655	-9.469	-1,63	-52.812	-8,46
Valencia	510.616	-7.772	-1,50	-43.920	-7,92
Extremadura	134.713	-2.510	-1,83	-14.654	-9,81
<b>Galicia</b>	<b>252.137</b>	<b>-5.412</b>	<b>-2,10</b>	<b>-24.326</b>	<b>-8,80</b>
Madrid	503.441	-5.007	-0,98	-43.438	-7,94
Murcia	140.601	-3.831	-2,65	-9.387	-6,26
Navarra	48.427	-622	-1,27	-3.997	-7,62
País Vasco	171.405	510	0,30	-6.743	-3,79
La Rioja	25.009	-376	-1,48	-2.851	-10,23
Ceuta	13.320	185	1,41	330	2,54
Melilla	12.327	201	1,66	-544	-4,23
<b>TOTAL</b>	<b>4.451.939</b>	<b>-60.214</b>	<b>-1,33</b>	<b>-343.927</b>	<b>-7,17</b>

Fonte: SEPE, Febreiro 2015. Ministerio de Empleo y Seguridad Social

Evolución do paro:



VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO EN GALICIA (Mes en curso – igual mes do ano anterior)



VARIACIÓN MENSUAL DO PARO REXISTRADO POR CCAA (Febreiro 2015 - Marzo 2015)

## A campaña de verán ofertará este ano máis de 8.500 prazas e incorporará unha nova programación para os maiores de 14 anos

- ▶ O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, presentou hoxe en rolda de prensa estas actividades que inclúen: campamentos, oferta concertada, campos de traballo e actividades para maiores de 18 anos
- ▶ Por cuarto ano consecutivo, o Goberno galego volve incrementar o número de prazas, nun 3,2 por cento
- ▶ Deste xeito, a programación galega constitúese como a máis ampla de todo o Estado
- ▶ Como novidade este ano, incorpóranse as quendas IMPLICA-T para maiores de 14 anos que inclúen actividades de educación non formal e voluntariado
- ▶ O orzamento supera os 2,4 millóns de euros e permitirá a contratación de máis de 900 persoas como monitores e directores de tempo libre.

**Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2015.-** A campaña de verán, que organiza a Consellería de Traballo e Benestar, ofertará este ano máis de 8.500 prazas e incorporará, como principal novidade, unha nova programación en campamentos para os maiores de 14 anos.

O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, presentou en rolda de prensa esta programación que inclúe: campamentos para menores de entre 9 e 17 anos, oferta concertada, campos de traballo para maiores de idade, e actividades para maiores de 18 anos. Para poñer en marcha todas estas actividades, o Goberno galego investirá 2,4 millóns de euros, un financiamento que permitirá, ademais, a contratación de máis de 900 persoas como monitores e directores de tempo libre.

“Por cuarto ano consecutivo, a Xunta incrementa as prazas da campaña de verán, o que nos permite organizar a programación máis importante de todo o Estado”, subliñou Rodeiro.

### Campamentos

O director xeral adiantou que o Diario Oficial de Galicia (DOG) publicará mañá a convocatoria para solicitar praza nos 19 albergues e campamentos que estarán dispoñibles na xeografía galega para os menores de entre 9 e 17 anos. Ademais, os interesados tamén

poderán optar a prazas noutras comunidades autónomas (País Vasco, Castela e León, Extremadura e A Rioxa).

A duración das quendas, que serán lugar entre xullo e agosto, variará en función da idade dos participantes e das características dos campamentos, e oscilará entre os 8 e os 12 días. Segundo precisou Rodeiro, esta iniciativa ofrece “un recurso de conciliación estival e de ocio educativo de primeiro nivel”.

Será precisamente neste tipo de actividades onde se incorporará a principal novidade deste ano. Por primeira vez, poranse en marcha os campamentos IMPLICA-T para mozos entre 14 e 17 anos. Neles, ademais das tradicionais actividades de ocio e tempo libre, os participantes contarán con outras accións como a conservación de espazos, a colaboración na sensibilización contra os incendios forestais ou a dinamización do

campamento. Deste xeito, a través da educación non formal que proporcionan o voluntariado e a participación, adquirirán e desenvolverán valores como o compromiso, a responsabilidade, a iniciativa ou o traballo en equipo.

“A decisión de programar este tipo de campamentos está en liña coa renovación das políticas autonómicas en materia de xuventude nos últimos anos. As actuacións programadas por esta dirección xeral pasaron a pivotar en torno a programas de educación non formal desde o ano 2010”, explicou o responsable autonómico.

Pola súa banda, os máis novos, de entre 9 e 13 anos, poderán participar en campamentos de temáticas moi diversas como aqueles de carácter náutico, de expresión cultural ou de multiaventura.

Rodeiro recordou, ademais, que como todos os anos colaborábase coa Secretaría Xeral de Emigración para facilitar a participación de descendentes de emigrantes galegos, e reserváranse prazas para colectivos específicos que serán xestionados pola Secretaría Xeral de Igualdade, a de Política Social e a Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

O DOG tamén publica a oferta concertada. A través desta fórmula, Xuventude pon as súas instalacións a disposición de concellos, asociacións xuvenís, grupos informais de mozos e mozas e outros colectivos para que organicen as súas actividades.

### Campos de traballo

A programación da campaña de verán inclúe tamén os campos de traballo para maiores de 18 anos, cuxa convocatoria estará dispoñible o próximo mes. Esta experiencia de voluntariado e mobilidade contará con máis de 700 prazas, das que 485 serán de acollida, en campos organizados en Galicia; e outras 260 de partida. Estas últimas distribuiranse entre outras comunidades autónomas (110 prazas) e en máis de 25 países de todo o mundo (150 prazas).

En Galicia organizaranse 19 campos de traballo nas Illas Cíes, Cotobade, Ribadumia, Illa de Cortegada (Vilagarcía), Riós, Muíños, Celanova, Vilar de Barrio, A Peroxa, Portomarín, Xermade, Quiroga, Outes, A Laracha, Ponteceso, Boqueixón, Rois e Padrón.

As quendas serán de 10 ou 12 días ao longo do verán e os voluntarios poderán participar en actividades ambientais, etnográficas, sociais, arqueolóxicas ou de fomento do emprendemento. Poderán participar mozos e mozas galegos, residentes noutras comunidades autónomas, procedentes de países estranxeiros, así como voluntarios da Galicia exterior.

As actividades para maiores de 18 anos, que ofertarán 240 prazas, centraranse en programas de convivencia con participantes da Galicia exterior.

<http://xuventude.xunta.es/>



## Yuzz comeza en Santiago cun total de 23 participantes aos que brindará apoio nas súas ideas de negocio innovadoras

**Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2015.-** O programa Yuzz comeza en Santiago de Compostela cun total de 23 participantes, aos que lles brindará apoio no desenvolvemento das súas ideas de negocio innovadoras. Esta iniciativa é froito da colaboración entre o Centro Internacional Santander Emprendemento (CISE) –co mecenado do Banco Santander–, a Consellería de Traballo e Benestar e a Universidade de Santiago de Compostela (USC).

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o reitor da USC, Juan Viaño, presidiron a inauguración deste centro, que está situado no edificio Emprendia. No acto tamén participaron o presidente da RedEmprendia, Senén Barro; o director territorial do Banco Santander, Pablo Berdiel; e o presidente da delegación de Secot da Coruña, Áurea López.

O Goberno galego leva tres anos colaborando no desenvolvemento deste programa na comunidade autónoma, onde tamén existen centros na cidade da Coruña e Vigo. Este ano, a iniciativa conta en Santiago cun “importantísimo reforzo” grazas á participación da USC, salientou Mato.

Deste xeito, Yuzz desenvolverase “a varias bandas”: o Banco Santander ofrece asesoramento,

formación e orientación aos participantes por parte da súa rede de expertos, formada por máis de 200 profesionais; a USC pon as instalacións e coordinación do proxecto; a RedEmprendia colabora con financiamento; e o departamento autonómico achega orzamento para levar a cabo o proxecto.

O centro será o “punto de referencia” dos participantes á hora de recibir apoio, formación, asesoramento e acompañamento para a posta en marcha dos 15 proxectos que se desenvolverán en Compostela. Estas 15 iniciativas céntranse maioritariamente nas novas tecnoloxías da información e da comunicación, e contan cun denominador común: a aposta pola innovación.

Os 23 candidatos, de entre 18 e 30 anos, foron seleccionados entre máis de 2.000 participantes de toda España, tras valorar aspectos como o seu perfil emprendedor, traxectoria, capacidade para comunicar a proposta, compoñente innovador do proxecto, creatividade ou potencial de crecemento.

A partir de agora, e durante cinco meses, os participantes recibirán asesoramento para elaborar os seus plans de negocio. Unha vez rematada esta fase, o responsable do mellor proxecto

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, e o reitor da Universidade de Santiago de Compostela (USC), Juan Viaño, participaron no acto de apertura deste centro
- ▶ O Goberno galego leva tres anos colaborando con esta iniciativa, coordinada polo Centro Internacional Santander Emprendemento (CISE), co mecenado do Banco Santander
- ▶ Os participantes optarán, entre outros beneficios, a viaxes a Silicon Valley e a financiamento para poñer en marcha os seus proxectos
- ▶ En Galicia, tamén están en marcha centros Yuzz na cidade da Coruña e Vigo.

de cada un dos centros Yuzz que hai en España –neste caso, de Santiago– viaxará a Silicon Valley, onde poderán acceder a foros de financiamento, asesoramento e contacto con inversores.

Ademais, poderán optar ao financiamento para poñer en marcha o seu negocio, xa que Yuzz repartirá 60.000 euros en premios para os tres mellores proxectos do país: 30.000 para o primeiro; 20.000 para o segundo; e 10.000 para o terceiro.

### Éxito do centro compostelán

Durante a súa intervención, Mato puxo en valor que desde a súa posta en marcha en 2013 o centro Yuzz de Santiago “está a destacar a nivel estatal”. Así, no seu primeiro ano de funcionamento un proxecto de Compostela acadou o segundo premio nacional.

E, o ano pasado, o proxecto Situm, de Adrián Canedo e Víctor Álvarez, foi galardoado co primeiro premio de toda España. A súa proposta consiste nunha novidade tecnolóxica de localización para cofecer a posición de calquera smartphone nos edificios onde o GPS non funciona.

### Aposta polo emprendemento

“Este éxito non fai máis que convencer do enorme potencial de presente e futuro da mocidade galega”, destacou Mato, quen lembrou que o departamento autonómico que dirixe está a poñer a disposición dos mozos e mozas “todas as ferramentas” para desenvolver o seu talento e capacidade de emprender

De feito, o emprendemento e a creatividade constitúen un dos eixos sobre os que xira a Estratexia de xuventude 2014-2016, e son tamén un apartado esencial nos plans para o fomento da empregabilidade dirixidos á mocidade: o Plan de emprego xuvenil e o Programa de garantía xuvenil. Estas dúas últimas iniciativas supoñen en conxunto un investimento de 150 millóns de euros.

“En definitiva, a Consellería ten un firme compromiso cos emprendedores e os mozos galegos. Por iso apoiamos o programa Yuzz, que reúne xuventude, emprendemento, innovación e talento”, rematou a conselleira.



## Benestar incrementa nun 25% o orzamento dos programas de educación non formal, que chegarán a 4.000 mozos e mozas

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou hoxe en Santiago a xornada "A educación non formal e garantía xuvenil desde o ámbito local"
- ▶ Os 2,5 millóns de euros que se investirán este ano nestas iniciativas permitirán beneficiar a un 53% máis de participantes que o ano pasado
- ▶ En 2015 incorpórase como novidade o programa "Deseñando o teu futuro", para os rapaces e rapazas de entre 14 e 18 anos que queiran achegarse á realidade laboral antes de iniciar os seus estudos
- ▶ A Xunta está xa a traballar na orde que regulará a expedición de certificados oficiais que acrediten as experiencias en educación non formal
- ▶ Xuventude e a Universidade de Santiago (USC) elaborarán un estudo para cuantificar o efecto positivo que se deriva de participar neste tipo de actuacións.

**Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2015.-** A Consellería de Traballo e Benestar incrementa este ano nun 25 por cento o orzamento destinado aos programas de educación non formal, ata chegar aos 2,5 millóns de euros, o que permitirá beneficiar a 4.000 mozos e mozas, un 53% máis que en 2014.

Así o salientou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, que inaugurou en Santiago a xornada "A educación non formal e garantía xuvenil desde o ámbito local". "Trátase de experiencias que axudan ao crecemento e desenvolvemento persoal dos mozos, porque hai valores que non se aprenden con temarios, exames ou cualificacións como a creatividade, a iniciativa, o espírito emprendedor, o traballo en equipo, a toma de decisión, a capacidade comunicativa, ou a solidariedade", explicou.

Neste sentido, avanzou que estes valores son "moi apreciados" polas empresas á hora de contratar novos traballadores. De feito, a Universidade de Santiago de Compostela (USC), en colaboración co departamento autonómico, ten previsto elaborar un estudo que cuantifique o efecto positivo que os programas de educación non formal achegan aos mozos e mozas.

O estudo vai centrar, fundamentalmente, en tres programas impulsados desde a Dirección

Xeral de Xuventude e Voluntariado: Galeuropa, Iniciativa Xove e Servizo de Voluntariado Xuvenil.

Galeuropa é un programa de mobilidade transnacional que permitirá que 500 mozos e mozas galegos realicen este ano prácticas laborais no estranxeiro, un 55% máis que en 2014. Iniciativa Xove, pola súa banda, é un programa de participación xuvenil, dotado de 550.000 euros en 2015, que financiará uns 150 proxectos nos que participarán 700 persoas. Por último, o Servizo de Voluntariado

Xuvenil –que contará con 500.000 euros este ano- promove a incorporación de menores de 30 anos a programas de voluntariado e permite, posteriormente, que as súas accións sexan incorporadas ao Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia e reciban un certificado oficial.

Cabe destacar que, ademais destes programas, este ano incorpórase como novidade "Deseñando o teu futuro", unha iniciativa que ofrece aos mozos de entre 14 e 18 anos a posibilidade de coñecer a realidade laboral da profesión que queren escoller antes de iniciar os seus resultados. Beneficiará a unhas 750 persoas este ano.

Durante este exercicio tamén se seguirán desenvolvendo outros programas como o Xuventude Crea, os campos de traballo, ou o Erasmus Plus.

Mato avanzou, ademais, que a Xunta está xa a traballar na orde que regulará a expedición de certificacións oficiais das experiencias, competencias e habilidades adquiridas nos programas de

educación non formal, ao igual que xa se está a realizar en materia de voluntariado. "Deste xeito Galicia converterase na primeira administración de todo o Estado que valida de forma oficial a participación neste programas", apuntou.

### Emprego xuvenil

Durante a súa intervención, a conselleira explicou tamén as iniciativas que ten impulsado o departamento en materia de emprego xuvenil. Destacou especialmente o recentemente presentado Programa de garantía xuvenil, destinado aos menores de 25 anos. Conta cun orzamento total de 49 millóns de euros, distribuído en nove medidas específicas.

Este programa complétase co Plan de emprego xuvenil, posto en marcha xa o ano pasado polo Goberno galego, e que conta con 100 millóns de euros. "Isto quere dicir que en menos dun ano temos posto en marcha medidas por valor de 150 millóns de euros para favorecer a empregabilidade dos mozos e mozas galegos", rematou Mato.

## Os mozos e mozas galegos que participan en programas de educación non formal poderán certificar a súa experiencia

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2015.- Os mozos e mozas galegos que participan, ou teñan participado, en programas de educación non formal poderán certificar esta experiencia, grazas á publicación no Diario Oficial de Galicia (DOG) da orde que regula este recoñecemento.

Este foi un dos aspectos dos que informou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na reunión do Comité galego de políticas de xuventude que tivo lugar esta mañá en Santiago. En concreto, sinalou que poderán optar a estas certificacións aqueles mozos e mozas que participen en programas como Iniciativa Xove, Erasmus +, Xuventude en acción, A xuventude no mundo, campos de traballo ou Galeuropa.

De feito, durante a súa intervención, a titular do departamento autonómico salientou a importancia da educación non formal, que permite complementar o currículo académico dos mozos e mozas, e adquirir competencias e

aptitudes "moi valoradas" polas empresas. De aí que desde o Goberno galego se teñan mellorado estas iniciativas, tanto cuantitativa como cualitativamente.

Ademais, lembrou que a educación non formal é, xunto co emprego, un dos piares fundamentais da Estratexia de Xuventude de Galicia 2014-2016, unha planificación transversal, que conta coa implicación de todo o Goberno galego.

Precisamente, durante a reunión de hoxe avaliou a execución desta folla de ruta e marcáronse os obxectivos de cara ao futuro. Cabe lembrar que se trata dun documento flexible, co fin de poder adaptarse ás novas situacións e demandas e obter así máxima optimización.

"Todos os avances realizados demostran a total confianza que a Xunta ten na mocidade. Consegui que todo o potencial que atesouran se converta nunha realidade nos próximos anos é o gran desafío que hoxe en día conleva o deseño de políticas de xuventude", rematou Mato.

## Catálogo de publicacións na web



### BITEB. Boletín Informativo de Traballo e Benestar febreiro 2015, nº 105

Publicación periódica mensual na que se recollen novas sobre as actuacións máis salientables da Xunta de Galicia nos eidos laboral e do benestar. Acompaña a publicación unha recompilación normativa de lexislación relacionada con estes ámbitos de carácter autonómico (DOG e diarios oficiais das restantes comunidades autónomas), estatal (BOE) e comunitario (DOUE).

- ▶ Acceso:

[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB\\_n\\_105\\_Marzo\\_2015.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB_n_105_Marzo_2015.pdf)

### Enfermidades profesionais no sector agrario



Relación das enfermidades profesionais máis representativas no sector agrario. A información máis relevante sintetízase en fichas que informan de: descrición da actividade, enfermidade profesional, causas e accións correctoras e medidas preventivas que se deben adoptar.

- ▶ Acceso galego:

[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/fichas\\_enferm\\_profesionais\\_galego.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/fichas_enferm_profesionais_galego.pdf)

- ▶ Acceso castelán:

[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/fichas\\_enferm\\_profesionales\\_castelan.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/fichas_enferm_profesionales_castelan.pdf)

### Relación de especialidades con ocupacións



Ferramenta básica que nos proporciona información sobre todas aquelas variables que interveñen no mercado de traballo relacionadas coa área de formación, concretamente coas ocupacións utilizadas polo sistema de información dos servizos públicos de emprego (Sispe). Así, informámonos sobre os cursos de formación para o emprego relacionados coas ocupacións máis ofertadas, demandadas ou contratadas.

- ▶ Acceso galego:

[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Relacion\\_especialidades\\_formativas\\_e\\_occupacions.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Relacion_especialidades_formativas_e_occupacions.pdf)

### Relación de ocupacións con especialidades



Ferramenta básica que nos proporciona información sobre todas aquelas variables que interveñen no mercado de traballo relacionadas coa área de formación, concretamente coas ocupacións utilizadas polo sistema de información dos servizos públicos de emprego (Sispe). Así, informámonos sobre os cursos de formación para o emprego relacionados coas ocupacións máis ofertadas, demandadas ou contratadas.

- ▶ Acceso galego:

[http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Relacion\\_occupacions\\_e\\_especialidades\\_formativas.pdf](http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Relacion_occupacions_e_especialidades_formativas.pdf)

## Publicacións editadas ou de próxima aparición:

- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos na pesca: arrastre de altura
- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos en el sector de la pesca de bajura en la modalidad de cerco
- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos no sector da pesca de baixura na modalidade de cerco
- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos en la pesca: cerco de bajura
- ▶ Prevención de trastornos musculoesqueléticos na pesca: cerco de baixura.
- ▶ BITeB, nº 104, febreiro 2015/22/15
- ▶ Prevención de riscos laborais en exposicións de gando vacún Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral
- ▶ Prevención de riscos laborais en explotacións de gando vacún. Os atende do Issga. Agro



<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

- Resolución do 20 de febreiro de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se habilitan asesores e/ou avaliadores no marco do proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia ou familias profesionais do Catálogo nacional de cualificacións profesionais. (DOG nº 42, do 03.03.2015).
- Resolución do 28 de xaneiro de 2015, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación no Diario Oficial de Galicia do convenio colectivo da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG). (DOG nº 42, do 03.03.2015).
- Corrección de erros. Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. (DOG nº 43, do 04.03.2015).
- Orde do 25 de febreiro de 2015 pola que se modifica a Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do Sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do Programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes. (DOG nº 45, do 06.03.2015).
- Resolución do 27 de febreiro de 2015, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións para promover o autoemprego e a actividade emprendedora na Comunidade Autónoma galega das persoas galegas retornadas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 45, do 06.03.2015).
- Resolución do 2 de marzo de 2015 pola que se aproban as bases reguladoras e se convocan subvencións destinadas ao financiamento de plans de formación das entidades locais de Galicia para o ano 2015, no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas. (DOG nº 45, do 06.03.2015).
- Decreto 34/2015, do 5 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015. (DOG nº 47, do 10.03.2015).
- Decreto 35/2015, do 5 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario dos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015. (DOG nº 47, do 10.03.2015).
- Resolución do 27 de febreiro de 2015 pola que se convocan probas de avaliación de carácter libre para a obtención da certificación galega de competencias dixitais en ofimática. (DOG nº 47, do 10.03.2015).
- Orde do 27 de febreiro de 2015 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior da Comunidade Autónoma de Galicia correspondentes ao curso 2013/14. (DOG nº 49, do 12.03.2015).
- Resolución do 26 de febreiro de 2015, da Dirección Xeral de Emprego e Formación, pola que se convocan probas de avaliación en competencias clave para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación. (DOG nº 51, do 16.03.2015).
- Resolución do 9 de marzo de 2015, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se regulan e se convocan as subvencións do programa Reencontros na Terra para residentes no exterior, durante o ano 2015. (DOG nº 52, do 17.03.2015).
- Corrección de erros. Anuncio do 27 de xaneiro de 2015 polo que se fai pública a resolución pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís 0-3 xestionadas por esta entidade para o curso escolar 2015/16. (DOG nº 53, do 18.03.2015).
- Orde do 13 de marzo de 2015 pola que se regula a oferta de prazas xuvenís dentro do programa Campaña de verán-2015 e se procede á súa convocatoria. (DOG nº 56, do 24.03.2015).
- Orde do 13 de marzo de 2015 pola que se regula o uso de instalacións xuvenís dependentes desta consellería en réxime de oferta concertada durante a Campaña de verán 2015. (DOG nº 56, do 24.03.2015).
- Orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regula o certificado de experiencias de educación non formal en materia de xuventude (DOG nº 57, do 25.03.2015).
- Corrección de erros. Orde do 21 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2015. (DOG nº 59, do 27.03.2015).
- Orde do 24 de marzo de 2015 pola que se modifica a Orde do 21 de xaneiro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, das subvencións para o financiamento das bolsas ás persoas novas que realicen prácticas non laborais en empresas, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil. (DOG nº 59, do 27.03.2015).

## Normativa das comunidades autónomas:

### Andalucía

<http://www.juntadeandalucia.es/eboja/>

- Decreto-ley 2/2015, de 3 de marzo, de medidas urgentes para favorecer a inserción laboral, a estabilidade en el empleo, el retorno del talento y el fomento del trabajo autónomo. (BOJA de 11.03.2015)
- Orden de 12 de marzo de 2015, por la que se convocan subvenciones en régimen de concurrencia competitiva, en el ámbito de la Consejería de Igualdad, Salud y Políticas Sociales, para el apoyo a la red de solidaridad y garantía alimentaria de Andalucía en el ejercicio 2015. (BOJA de 17.03.2015)
- Orden de 19 de marzo de 2015, por la que se modifica la de 22 de septiembre de 2011, por la que se establecen las bases reguladoras y convocatoria de las subvenciones especiales reguladas en el Real Decreto 196/2010, de 26 de febrero, que se cita. (BOJA de 24.03.2015)
- Orden de 20 de marzo de 2015, por la que se modifica la de 16 de mayo de 2011, de la Consejería de Empleo, por la que se establecen las bases reguladoras de la concesión de subvenciones y su convocatoria a Pymes y autónomos de la Comunidad Autónoma de Andalucía para el desarrollo de proyectos de prevención de los riesgos laborales, se efectúa su convocatoria para el año 2015, y se modifica la de 6 de junio de 2014, por la que se aprueban las bases reguladoras para la concesión de subvenciones del Programa de Apoyo a la Promoción y el Desarrollo de la Economía Social para el Empleo. (BOJA de 26.03.2015)
- Decreto 115/2015, de 24 de marzo, por el que se modifica el Decreto 154/2011, de 10 de mayo, por el que se regula el Consejo Andaluz de Participación de las Mujeres. (BOJA de 26.03.2015)
- Orden de 20 de marzo de 2015, por la que se prorrogan algunas de las medidas aprobadas por el Decreto-ley 8/2014, de 10 de junio, de medidas extraordinarias y urgentes para la inclusión social a través del empleo y el fomento de la solidaridad en Andalucía. (BOJA de 26.03.2015)

- Resolución de 18 de marzo de 2015, de la Presidencia del Parlamento de Andalucía, por la que se ordena la publicación del acuerdo de convalidación del Decreto-ley 2/2015, de 3 de marzo, de medidas urgentes para favorecer la inserción laboral, la estabilidad en el empleo, el retorno del talento y el fomento del trabajo autónomo. (BOJA de 31.03.2015).

### Aragón

<http://benasque.aragob.es/>

- Orden de 12 de febrero de 2015, del Consejero de Sanidad, Bienestar Social y Familia, por la que se convocan subvenciones, para el año 2015, para la prestación de servicios que faciliten la conciliación de la vida personal, familiar y laboral en el ámbito rural, dirigidas a las Comarcas de la Comunidad Autónoma de Aragón. (BOA de 19.03.2015)
- Orden de 27 de febrero de 2015, del Consejero de Sanidad, Bienestar Social y Familia, por la que se convocan subvenciones para la financiación de actuaciones a favor de la integración social de la población de origen extranjero residente en Aragón para el año 2015, en el marco del Programa Operativo del Fondo Social Europeo 2007-2013. (BOA de 19.03.2015 y corrección de errores 31.03.15)
- Orden de 10 de marzo de 2015, del Consejero de Economía y Empleo, por la que se convocan para el año 2015, las subvenciones destinadas a los Programas de Escuelas Taller. (BOA de 23.03.2015)
- Resolución de 10 de marzo 2015, del Director Gerente del Instituto Aragonés de la Juventud, por la que se convocan plazas para participar en el programa "Voluntariado y Solidaridad 2015". (BOA de 23.03.2015)
- Orden de 23 de febrero de 2015, del Departamento de Sanidad, Bienestar Social y Familia, por la que se establecen los costes de las plazas contratadas o concertadas y servicios cofinanciados y encomendados por el Instituto Aragonés de Servicios Sociales para el año 2015. (BOA de 30.03.2015).

### Asturias

<http://www.asturias.es/bopa>

- Resolución de 20 de febrero de 2015, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda,

por la que se aprueban las bases reguladoras para la concesión de subvenciones a favor de instituciones colaboradoras de integración familiar y otras entidades sin ánimo de lucro para el desarrollo de programas dirigidos a la infancia y las familias en el ámbito de los servicios sociales especializados. (BOPA de 06.03.2015)

- Resolución de 24 de febrero de 2015, de la Consejería de Economía y Empleo, por la que se convocan subvenciones para actuaciones de interés en materia de seguridad y salud laboral y se aprueba el gasto correspondiente. (BOPA de 12.03.2015)
- Resolución de 12 de marzo de 2015, del Instituto Asturiano de Prevención de Riesgos Laborales, por la que se convocan subvenciones para la mejora del parque de maquinaria, equipos de trabajo, instalaciones o procesos que supongan la eliminación o reducción de riesgos laborales, para el año 2015, y se aplica el gasto autorizado. (BOPA de 19.03.2015)
- Resolución de 12 de marzo de 2015, del Instituto Asturiano de Prevención de Riesgos Laborales, por la que se convocan subvenciones destinadas a la implantación y certificación de sistemas de gestión de la seguridad y salud en el trabajo según el estándar OHSAS 18001 y se aprueba el gasto correspondiente. (BOPA de 19.03.2015)
- Resolución de 12 de marzo de 2015, del Instituto Asturiano de Prevención de Riesgos Laborales, por la que se convocan subvenciones para Investigación industrial, Desarrollo tecnológico e innovación (I+D+i) en el ámbito de la Prevención de Riesgos Laborales y se aprueba el gasto correspondiente. (BOPA de 19.03.2015)
- Resolución de 3 de marzo de 2015, de la Consejería de Economía y Empleo, por la que se convoca y se abre el plazo de presentación de solicitudes relativas a la concesión de subvenciones a los perceptores de la prestación de desempleo en su modalidad de pago único. (BOPA de 21.03.2015)
- Resolución de 26 de febrero de 2015, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se convocan ayudas individuales a personas mayores y personas con discapacidad. (BOPA de 23.03.2015)

## Publicacións e normativa

- Resolución de 10 de marzo de 2015, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se convocan ayudas individuales para el acogimiento familiar de personas mayores. (BOPA de 23.03.2015)
- Resolución de 9 de marzo de 2015, de la Consejería de Bienestar Social y Vivienda, por la que se convocan subvenciones a favor de entidades sin ánimo de lucro para el desarrollo de programas en el ámbito de los Servicios Sociales Especializados dirigidos al colectivo de personas mayores. (BOPA de 25.03.2015).

## Islas Baleares

<http://www.caib.es/boib/?lang=es>

- Resolución de la consejera de Familia y Servicios Sociales de 25 de febrero de 2015 por la que se formalizan los criterios de distribución entre los municipios de las Illes Balears, como también la distribución resultante, para el año 2015, del crédito de lucha contra la pobreza infantil para la atención de familias en situación de privación material con menores a su cargo con una dotación de 1.000.000,00 €, para llevar a cabo los proyectos destinados a desarrollar el programa social para la lucha contra la pobreza infantil en el año 2015. (BOIB de 07.03.2015 y corrección de errores 21.03.2015)
- Decreto 9/2015, de 13 de marzo, de modificación del Decreto 35/2011, de 8 de abril, por el que se crea el Centro Coordinador de Atención Temprana y Desarrollo Infantil de las Illes Balears. (BOIB de 14.03.2015)
- Resolución del consejero de Economía y Competitividad de 12 de marzo de 2015 por la que se aprueba la convocatoria de ayudas para las unidades de apoyo a la actividad profesional en el marco de los servicios de ajuste personal y social de los centros especiales de empleo. (BOIB de 21.03.2015)
- Resolución del consejero de Economía y Competitividad de 12 de marzo de 2015 por la que se aprueba la convocatoria para conceder ayudas sobre el fomento del empleo de las personas con discapacidad en empresas del mercado ordinario de trabajo. (BOIB de 21.03.2015)
- Resolución del consejero de Economía y Competitividad de 12 de marzo de 2015 por la que se aprueba la convocatoria para conceder ayudas destinadas a mantener los puestos

